

Educación Plástica 6º

Ola a todos e todas;

Dende a materia de plástica propoñovos a mellora da vosa nota final (só mellorar, en ningún caso será baixada) a través da repetición das actividades feitas na aula, incluso con Carmen.

Sei que con Carmen traballáchedes a **perspectiva** mediante o debuxo; pois podedes coller distintos obxectos que teñades por casa e debuxalos. Tamén tedes en internet un montón de propostas.

Logo connmigo, traballamos:

- A **papiroflexia**, facendo un coello de papel. Tedes aquí o enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=vEWaL7LiDbI&t=252s>

- **Debuxo xeométrico**, acordádevos do hexágono regular dentro da circunferencia, a flor, a dobre flor, a mediatriz,... facilitovos outros enlaces:

<https://www.youtube.com/watch?v=QNrQCT9N6rQ> (mediatriz de un segmento)

<https://www.youtube.com/watch?v=oGydboC9LDI> (hexágono regular)

<https://www.youtube.com/watch?v=7T8PPxYq0Ms> (flor)

Se buscades en youtube, tedes unha chea de vídeos titoriais para facer estes debuxos: pentágono regular e outros polígonos regulares, distintas estrelas moi chulas,... e máis aínda de papiroflexia (origami), vós elixides.

- **Escultura**, foi o último que traballamos. A figura foi elección vosa e a fixemos sobre a esponxa de cravar as flores. Sei que este material é difícil de atopar nesta situación, así que non vos preocupedes.

Aqueles alumnos e alumnas que non puidesen presentar os traballos, teñen aquí unha nova oportunidade para facelo e mellorar así a súa nota e, aqueles que os entregáchedes tamén podedes facelo e tamén subir nota. Todo o que fagades, tédelo que enviar ao seguinte correo: mestrerodriguezsegundoprimaria@gmail.com

Anímovos a que lle dediqueades un pouquiño do voso tempo a estas actividades, seguro que senta moi ben facer algo artístico nesta situación na que nos atopamos.

Unha aperta moi grande a todos e todas;

Marta Otero